

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código   | Centro        | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|----------|---------------|
| 27020793 | Porta da Auga | Ribadeo  | 2022/2023     |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional      | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo           | Grao                               | Réxime                |
|-------------------------------|--------------------------|---------------------------|---------------------------|------------------------------------|-----------------------|
| ADG                           | Administración e xestión | CSADG01                   | Administración e finanzas | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

| Código MP/UF | Nome   | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0179       | Inglés | 2022/2023 | 0                | 160          | 0              |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

|                                |                        |
|--------------------------------|------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | ANA MARÍA BANDE VILELA |
| Outro profesorado              |                        |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliação

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo  |
|---|
| RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.                                    |
| RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.                  |
| RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa. |

#### 2.1.2. Criterios de avaliação que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliação do currículo   |
|---|
| CA2.1 Léronse cun alto grao de independencia textos de diverso tipo, adaptando o estilo e a velocidade da lectura ás finalidades, e utilizáronse fontes de referencia acaídas de xeito selectivo.                       |
| CA2.2 Interpretouse a correspondencia relativa á súa especialidade e captouse doadamente o significado esencial.  |
| CA2.3 Interpretáronse con todo detalle textos extensos e de relativa complexidade relacionados ou non coa súa especialidade, con posibilidade de volver ler as seccións difíceis.                                       |
| CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.   |
| CA2.5 Identifícone con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais, e decidiuse sobre a oportunidade dunha análise máis fonda.                       |
| CA2.6 Realizáronse traducións de textos complexos utilizando material de apoio, en caso necesario.  |
| CA2.7 Interpretáronse mensaxes técnicas recibidas a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).   |
| CA2.8 Interpretáronse instrucións extensas e complexas que estean dentro da súa especialidade.  |
| CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes. |
| CA4.2 Organizouse a información con corrección, precisión, coherencia e cohesión e solicitouse ou facilitouse información xeral ou detallada.   |
| CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrezan detalles relevantes que sirvan de apoio.  |
| CA4.4 Formalizouse documentación específica do seu campo profesional.   |
| CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.   |
| CA4.6 Resumíronse artigos, manuais de instrucións e outros documentos escritos, e utilizouse un vocabulario amplo para evitar a repetición frecuente.   |
| CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.   |
| CA5.1 Definíronse os trazos más salientes dos costumes e dos usos da comunidade onde se fale a lingua inglesa.  |
| CA5.2 Describirónse os protocolos e as normas de relación social propios do país.   |
| CA5.3 Identificáronse os valores e as crenzas da comunidade en que se fale lingua inglesa.  |
| CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios do sector en calquera tipo de texto.  |

**Criterios de avaliación do currículo**

CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.

CA5.6 Recoñecéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.

**2.2. Segunda parte da proba****2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan****Resultados de aprendizaxe do currículo**

RA1 - Recoñece información profesional e cotíá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.

RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.

RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.

RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotíá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.

RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacíons de comunicación e describe as relacíons típicas características do país da lingua inglesa.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado****Criterios de avaliación do currículo**

CA1.1 Identifícone a idea principal da mensaxe.

CA1.2 Recoñecese a finalidade de mensaxes radiofónicas e doutro material gravado ou retransmitido pronunciado en lingua estándar, e identifícone o estado de ánimo e o ton da persoa falante.

CA1.3 Extraeuse información de gravacíons en lingua estándar relacionadas coa vida social, profesional ou académica.

CA1.4 Identifícarónse os puntos de vista e as actitudes da persoa falante.

CA1.5 Identifícarónse as ideas principais de declaracíons e de mensaxes sobre temas concretos e abstractos, en lingua estándar e cun ritmo normal.

CA1.6 Comprendeuse con todo detalle o que se di en lingua estándar, mesmo nun ambiente con ruído de fondo.

CA1.7 Extraérónse as ideas principais de conferencias, charlas e informes, e doutros xeitos de presentación académica e profesional lingüisticamente complexos.

CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seu elementos.

CA2.1 Léronse cun alto grao de independencia textos de diverso tipo, adaptando o estilo e a velocidade da lectura ás finalidades, e utilizáronse fontes de referencia acaídas de xeito selectivo.

CA2.2 Interpretouse a correspondencia relativa á súa especialidade e captouse doadamente o significado esencial.

CA2.3 Interpretáronse con todo detalle textos extensos e de relativa complexidade relacionados ou non coa súa especialidade, con posibilidade de volver ler as seccións difíciles.

CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.

CA2.5 Identifícone con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais, e decidiuse sobre a oportunidade dunha análise máis fonda.

CA2.6 Realizáronse traducións de textos complexos utilizando material de apoio, en caso necesario.

**Criterios de avaliação do currículo**

CA2.7 Interpretáronse mensaxes técnicas recibidas a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).

CA2.8 Interpretáronse instrucións extensas e complexas que estean dentro da súa especialidade.

CA3.1 Identifícaronse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.

CA3.2 Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas xerais, académicos, profesionais ou de lecer, marcando con claridade a relación entre as ideas.

CA3.3 espontaneamente e adoptouse un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.

CA3.4 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións formais e informais.

CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.

CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.

CA3.7 Describiuse e determinouse a secuencia dun proceso de traballo da súa competencia.

CA3.8 Argumentouse con todo detalle a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo elixido.

CA3.9 Solicitudouse a reformulación do discurso ou dunha parte del, en caso necesario.

CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes.

CA4.2 Organizouse a información con corrección, precisión, coherencia e cohesión e solicitudouse ou facilitouse información xeral ou detallada.

CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrecen detalles relevantes que sirvan de apoio.

CA4.4 Formalizouse documentación específica do seu campo profesional.

CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.

CA4.6 Resumíronse artigos, manuais de instrucións e outros documentos escritos, e utilizouse un vocabulario amplio para evitar a repetición frecuente.

CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.

CA5.2 Describironse os protocolos e as normas de relación social propios do país.

CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.

**3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva e os criterios de cualificación**

Considéranse mínimos exigibles para acadar a avaliação positiva os CA asociados aos cinco RA :

- 1- Recoñece información profesional e cotíá contida en discursos orais emitidos en lingua estándar, e analiza o contido global da mensaxe en relación cos recursos lingüísticos correspondentes.
- 2- Interpreta información profesional contida en textos escritos, ao analizar comprensivamente os seus contidos.

3-Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e participa como axente activo en conversas profesionais.

4- Elabora textos sinxelos en lingua estándar, e relaciona as regras gramaticais coa súa finalidade.

5- Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacions de comunicación, e describe as relacions características do país da lingua estranxeira.

Contidos conceptuais:

**A) Recursos gramaticais e léxicos:**

- Tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresións de condición e dúbida, a voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto, verbos modais.
- Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e especulacións, opinións e consellos, persuasión e advertencia, gustos e preferencias, suxestións.
- Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado.
- Relacións temporais: anterioridade, simultaneidade, posterioridade.
- Vocabulario:
- ¿ Información persoal e vida cotiá : saúdos, presentacións, intercambio de información, ocio, descripcións(persoas, lugares, obxectos), medioambiente, aloxamento, vías, restauración, cultura, comunicación?
- ¿ Específico do sector administrativo e financeiro: empresas, departamentos e oficinas ,responsabilidades, documentación e correspondencia(cartas, faxes, emails,facturas, CVs), conversas telefónicas,citas e axendas, pedidos(moedas,cantidades numéricas, precios), tecnoloxía, emprego , beneficios laborais, gráficos.

**B) Análise e producción de mensaxes orais:**

- Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás: mensaxes directas, telefónicas rdiófonas ou gravadas.
- Terminoloxía específica do sector administrativo e financeiro e vocabulario sobre aspectos da vida cotiá e temática de interese xeral.
- Ideas principais e secundarias.
- Recursos gramaticais mencionados no apartado A.
- Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e especulacións, opinións e consello, persuasión e advertencia.
- Acentos de lingua oral.
- Sons e fonemas vocálicos e consonánticos.
- Marcadores lingüísticos de relacións sociais: normas de cortesía e diferencias de rexistro.
- Mantemento e seguemento do discurso oral.
- Entoación.

**C) Interpretación e producción de mensaxes escritas:**

- Comprensión de textos, mensaxes e artigos más ou menos complexos, sobre aspectos da vida cotiá e do sector técnico profesional.
- Expresión e formalización de mensaxes profesionais e cotiás: fax, cartas, emails ,CVs,
- Recursos gramaticais e relacións lóxicas e temporais mencionados no apartado A.
- Terminoloxía do sector administrativo e financeiro e da vida cotiá.
- Ideas principais e secundarias.
- Coherencia textual: adecuación do texto ao contexto comunicativo, tipo e formato de texto, variedade da lingua, inicio do discurso e introdución do tema, exemplificación, conclusión e resumo do texto, uso de signos de puntuación.

**D) Aspectos socioculturais:**

- Valoración das normas protocolarias e socioculturais nas relacións internacionais.
- Uso dos recursos formais en situacions que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxeclar unha boa imaxe da empresa.
- Recoñecemento da lingua inglesa para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida profesional e persoal.
- Coñecemento dos elementos culturais más salientables nos países onde se fala a lingua inglesa.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización dunha proba conformada por dúas partes:

- a) Primeira parte.

Terá carácter eliminatorio.

A primeira parte da proba , que avaliará esencialmente cuestións léxicas e gramaticais, cualificarse de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

- b) Segunda parte.

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio. Esta segunda parte da proba cualificarse de cero a dez puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Os catro bloques que se avaliarán na segunda parte da proba (Speaking, Listening , Writing, Reading), correspondentes ás catro destrezas básicas, terán unha puntuación de dous puntos e medio máximo cada un. Para a súa superación, a media dos catro terá que ser igual ou superior a cinco puntos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a xornada de acollemento para cada unha das partes da proba de cada módulo profesional en único chamamento. Para estes efectos, os membros da comisión de avaliación poderán requerir en calquera momento do proceso que as persoas aspirantes acrediten a súa identidade. A asistencia á xornada de acollemento é obligatoria.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento.

## 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvimento

### 4.a) Primeira parte da proba

Esta primeira parte consistirá nunha proba escrita constituída por un conxunto de dez preguntas, podendo estar conformadas por distintos apartados cada unha, que versarán sobre aspectos léxicos e gramaticais. Indicarase na mesma proba a cualificación de cada pregunta.

@s candidat@s só terán que traer un bolígrafo azul ou negro e un carné que acredite a súa identidade.

Finalizada esta primeira parte da proba, as comisões de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

### 4.b) Segunda parte da proba

Esta segunda parte consistirá en catro probas eminentemente prácticas que avaliarán as catro destrezas básicas e esenciais na aprendizaxe dunha lingua:

- A) LISTENING: audición en inglés estándar e batería de preguntas escritas para xustificar a súa comprensión.
- B) SPEAKING: proba oral que consistirá nun conxunto de dez preguntas sobre aspectos persoais e xerais da vida cotiá e profesional, con ou sen apoio visual.
- C) READING: lectura dun texto e batería de preguntas sobre o mesmo.
- D) WRITING: elaboración dun texto escrito sobre aspectos cotiáns e profesionais, implicando neste caso o uso axeitado de fórmulas e terminoloxía específica do sector administrativo e financeiro.

@s candidatos só terán que traer un bolígrafo azul ou negro e un carné que acredite a súa identidade.

É obligatoria a asistencia ás catro probas prácticas.